

Disposición adicional quinta. *Profesionais das linguas de signos.*

Despois da entrada en vigor desta lei o Goberno elaborará un estudo sobre os profesionais das linguas de signos e as titulacións necesarias para o seu desempeño.

Disposición adicional sexta. *Atención á xordocegueira.*

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais realizará un estudo en que se determine o número de persoas con xordocegueira, as súas condicións de vida e a súa localización xeográfica, para os efectos de determinar os centros de referencia que se deberán crear, así como o establecemento de recursos máis acordes coas especiais necesidades deste colectivo.

Disposición adicional sétima. *Axudas técnicas á audición.*

Os poderes públicos, no ámbito das súas competencias, achegarán financiamento para a adquisición de apoios técnicos para persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico da lei.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado para regular as condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes constitucionais, conforme o artigo 149.1.1.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Supletoriedade da Lei 51/2003, do 2 de decembro.*

No non regulado expresamente nesta lei observárase o disposto na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, así como as súas normas de desenvolvemento.

Disposición derradeira terceira. *Financiamento.*

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais atende á execución do disposto nesta lei cos orzamentos asignados para o cumprimento das súas competencias en materia de discapacidade.

Para este fin estableceranse mecanismos de cooperación cos ministerios competentes na materia e coas distintas administracións públicas competentes, segundo proceda.

En particular, a Administración xeral do Estado coadxuvará a financiar o fomento, a investigación e a difusión do uso da lingua de signos catalá.

Disposición derradeira cuarta. *Facultades de execución e desenvolvemento.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias e logo de consulta ás conferencias sectoriais correspondentes e ao Consello Nacional de Discapacidade, queda autorizado para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei. Así mesmo, o Goberno elaborará, especificamente, un regulamento que desenvolva a utilización da lingua de signos española, así como os apoios para calquera tipo de axuda técnica que contribúa á eliminación das barreiras de comunicación

para a integración social das persoas xordas con discapacidade auditiva ou xordocegas.

Disposición derradeira quinta. *Aplicación da lei.*

As previsións establecidas nesta lei terán unha aplicación gradual nas diferentes áreas a que se refire o artigo 6.

As normas establecidas nos artigos 10, 11, 12, 13, 14, 19, 20, 21, 22 e 23 desta lei aplicaranse de acordo cos prazos e calendarios previstos nas disposicións derradeiras quinta, sexta, sétima, oitava e novena sobre condicións de accesibilidade e non discriminación da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

18479 *ORDE ITC/3077/2007, do 17 de outubro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado dos instrumentos destinados á determinación do contido de azucre no mosto da uva, no mosto concentrado e no mosto concentrado rectificadado. («BOE» 255, do 24-10-2007.)*

A Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, establece o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España, réxime a que se deben someter en defensa da seguranza, da protección da saúde e dos intereses económicos dos consumidores e usuarios, os instrumentos de medida, nas condicións que regulamentariamente se determinen. Esta lei foi desenvolvida posteriormente por diversas normas de contido metrolóxico, entre as que se encontra o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

Este real decreto traspón ao dereito interno a Directiva 2004/22/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, relativa aos instrumentos de medida, e adapta as fases de control metrolóxico referidas á aprobación de modelo e verificación primitiva, nos instrumentos sometidos a regulamentación específica nacional, ao sistema de avaliación da conformidade que se regula na directiva citada, abordando, ademais, o desenvolvemento das fases de control metrolóxico correspondentes á verificación periódica e despois de reparación, fases que non se regulan na normativa comunitaria.

O Regulamento CEE n.º 2676/90 da Comisión, do 17 de setembro de 1990, polo que se determinan os métodos de análise comunitarios aplicables no sector do viño, no

número 2 do anexo, establece como método de análise comunitario para a avaliación do contido en azucres de mostos, mostos concentrados e mostos concentrados rectificadas, a refractometría.

De acordo con todo iso, esta orde ten por obxecto regular o control metrolóxico do Estado sobre os instrumentos destinados á determinación do contido de azucre no mosto da uva, mostos concentrados e mostos concentrados rectificadas, en todas as fases que se regulan no citado Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, é dicir, tanto a que corresponde á de comercialización e posta en servizo como as que se refiren ás de verificación despois de reparación ou modificación e de verificación periódica.

Para a elaboración da orde foron consultadas as comunidades autónomas e realizouse o preceptivo trámite de audiencia aos interesados. Así mesmo, o Consello Superior de Metroloxía emitiu informe favorable.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora ambas as directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta orde a regulación do control metrolóxico do Estado dos instrumentos destinados a medir o contido de azucre no mosto da uva, dos mostos concentrados e dos mostos concentrados rectificadas, denominados en adiante refractómetros.

Artigo 2. *Fases de control metrolóxico.*

1. O control metrolóxico do Estado establecido nesta orde é o que se regula nos capítulos II e III do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida. Estes capítulos refírense, respectivamente, ás fases de comercialización e posta en servizo e á de instrumentos en servizo dos dispositivos de medida referidos no artigo 1 desta orde.

2. O control regulado no capítulo II levarase a cabo de conformidade cos procedementos de avaliación da conformidade que se determinan no artigo 6 e o anexo III do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, e no artigo 4 desta orde.

3. Os controis dos instrumentos que xa están en servizo comprenderán tanto a verificación despois de reparación ou modificación como a verificación periódica daqueles.

CAPÍTULO II

Fase de comercialización e posta en servizo

Artigo 3. *Requisitos esenciais metrolóxicos e técnicos.*

1. Os requisitos esenciais, metrolóxicos e técnicos que deben cumprir os refractómetros son os que se establecen no anexo II desta orde.

2. A conformidade dun refractómetro cos requisitos esenciais, metrolóxicos e técnicos deberase realizar consonte os procedementos de avaliación da conformidade establecidos no artigo 4 desta orde.

Artigo 4. *Módulos para a avaliación da conformidade.*

Os módulos que se utilizarán para levar a cabo a avaliación da conformidade dos instrumentos a que se refire o artigo 1 serán elixidos polos responsables da súa posta en mercado e servizo de entre os sinalados a continuación, previstos no anexo III do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo:

1. Módulo B, exame de modelo, e mais módulo D declaración de conformidade co modelo baseada na garantía da calidade do proceso de fabricación.

2. Módulo B, exame de modelo, e mais módulo F, declaración de conformidade co modelo baseada na verificación do produto.

3. Módulo G, declaración de conformidade baseada na verificación por unidade.

4. Módulo H1, declaración de conformidade baseada na garantía total de calidade e mais o exame de deseño.

Os requisitos esenciais dos instrumentos e as normas ou documentos técnicos que se van aplicar son os que se detallan, respectivamente, nos anexos II e III desta orde.

Presuponse a conformidade cos requisitos esenciais metrolóxicos e técnicos, establecidos no anexo II, daqueles refractómetros procedentes de calquera Estado membro da Unión Europea, dun Estado integrante da Asociación Europea de Libre Comercio que sexa parte contratante do acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de Turquía, sempre que, segundo un certificado ou documento análogo expedido por un organismo competente de acordo coa normativa dos ditos Estados, cumpran coas normas técnicas, normas ou procedementos legalmente establecidos neles e os niveis de exactitude, seguranza, adecuación e idoneidade exixidos sexan equivalentes aos requiridos nas normas aplicables en España.

A Administración pública competente poderá solicitar a documentación necesaria para determinar a equivalencia mencionada no parágrafo anterior. Cando se comprabe o incumprimento dos requisitos esenciais, técnicos e metrolóxicos, a Administración pública competente poderá impedir a posta en mercado e servizo dos refractómetros.

CAPÍTULO III

Verificación despois de reparación ou modificación

Artigo 5. *Definición.*

Enténdese por verificación despois de reparación ou modificación, de acordo co disposto na letra z) do artigo 2 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, o conxunto de exames administrativos, visuais e técnicos que poden ser realizados nun laboratorio ou no lugar de uso, que teñan por obxecto comprobar e confirmar que un refractómetro en servizo mantén, despois dunha reparación ou modificación que requira rotura de precintos, as características metrolóxicas que lle sexan de aplicación, en especial no que se refire aos erros máximos permitidos, así como que funcione de acordo co seu deseño e sexa conforme á súa regulamentación específica e, se é o caso, ao deseño ou modelo aprobado.

Artigo 6. *Reparadores autorizados.*

1. A reparación ou modificación dos refractómetros só poderá ser realizada por unha persoa ou entidade inscrita no Rexistro de control metrolóxico, conforme o establecido polo Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

2. Todas as actuacións realizadas por un reparador autorizado estarán documentadas nun parte de traballo,

en formato dptico autocopiativo. A primeira folla do parte deber quedar en poder da entidade reparadora e a segunda en poder do titular; ambas as das  disposicin da autoridade competente e dos organismos autorizados de verificacin polo menos durante un prazo mnimo de dous anos desde que se realizou a intervencin.

3. Deberase anotar a natureza da reparacin, os elementos substituídos, a data da actuacin, o nmero con que o reparador que efectuase a reparacin se encontre inscrito no Rexistro de Control Metrolxico, a identificacin da persoa que realizou a reparacin ou modificacin, a sa sinatura e o selo da entidade reparadora. A descripcin das operacins realizadas deberase detallar suficientemente para que a autoridade competente poida avaliar o seu alcance.

4. O reparador que reparase ou modificase un refractmetro, unha vez comprobado o seu correcto funcionamento, deber axustar os seus erros a cero coa menor tolerancia que permita o seu equipamento instrumental.

Artigo 7. *Suxeitos obrigados e solicitudes.*

1. O titular do refractmetro deberalle comunicar  Administracin pblica competente a sa reparacin ou modificacin, indicando o obxecto desta e especificando cales son os elementos substituídos, se  o caso, e os axustes e controis efectuados. Antes da sa posta en servizo deber solicitar a sa verificacin.

2. A solicitude de verificacin presentarase acompañada do boletn de identificacin establecido no anexo I.

3. Unha vez presentada a solicitude de verificacin dun refractmetro despois da sa reparacin ou modificacin, a Administracin pblica competente ou o organismo autorizado de verificacin dispor dun perodo mximo de trinta das para proceder  sa verificacin.

Artigo 8. *Ensaos e execucin.*

1. O refractmetro deber superar un exame administrativo, consistente na identificacin completa do instrumento e a comprobacin de que este rene os requisitos exixidos para estar legalmente en servizo. Ser realizado tomando como base a informacin achegada polo solicitante no boletn de identificacin establecido no anexo I. Comprobarase especialmente que o instrumento pose a declaracin de conformidade e as marcas correspondentes, de acordo co indicado no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, e que a placa de caractersticas cumpre os requisitos indicados en cada caso.

2. Os ensaios que se realizarn na verificacin despois de reparacin ou modificacin debern comprobar o cumprimento dos requisitos esenciais que se describen nos puntos 2.1 e 2.2 do anexo II desta orde.

Artigo 9. *Erros mximos permitidos.*

Os erros mximos permitidos na verificacin despois de reparacin ou modificacin sern os indicados no anexo II desta orde.

Artigo 10. *Conformidade.*

1. Superada a fase de verificacin despois de reparacin ou modificacin, farase constar a conformidade do refractmetro para efectuar a sa funcin, mediante a adhesin dunha etiqueta nun lugar visible do instrumento verificado, que deber reunir as caractersticas e requisitos que se establecen no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, especificando nela a clase de instrumento de que se trate. Emitirase, as mesmo, o correspondente certificado de verificacin e o verificador proceder a precintar o instrumento.

2. A verificacin despois de reparacin ou modificacin ter efectos de verificacin peridica respecto ao cmputo do prazo para a sa solicitude.

Artigo 11. *Non-superacin da verificacin.*

Cando un refractmetro non supere a verificacin despois de reparacin ou modificacin deber ser posto fra de servizo ata que se repare a deficiencia que impediu a superacin. Farase constar esta circunstancia mediante unha etiqueta de inhabilitacin de uso, situada nun lugar visible do instrumento, cuxas caractersticas se indican no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, especificando nela o tipo de instrumento de que se trate. No caso de que esta deficiencia non se repare, adoptaranse as medidas oportunas para garantir que sexa retirado definitivamente do servizo.

CAPTULO IV

Verificacin peridica

Artigo 12. *Definicin.*

Entndese por verificacin peridica, de acordo co disposto na letra aa) do artigo 2 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, o conxunto de exames administrativos, visuais e tcnicos que poden ser realizados nun laboratorio ou no lugar de uso, que tenen por obxecto comprobar e confirmar que un refractmetro en servizo mantn desde a sa ltima verificacin as caractersticas metrolxicas que lle sexan de aplicacin, en especial no que se refire aos erros mximos permitidos, as como que funcione conforme o seu deseo e sexa conforme  sa regulamentacin especfica e, se  o caso, ao deseo ou modelo aprobado.

Artigo 13. *Suxeitos obrigados e solicitudes.*

1. O titular dun refractmetro en servizo estar obrigado a solicitar anualmente a sa verificacin peridica, quedando prohibido o seu uso no caso de que non se supere esta fase de control metrolxico.

2. A solicitude de verificacin presentarase acompañada do boletn de identificacin establecido no anexo I.

Artigo 14. *Ensaos e execucin.*

1. O refractmetro deber superar un exame administrativo, consistente na identificacin completa do instrumento e a comprobacin de que este rene os requisitos exixidos para estar legalmente en servizo. Ser realizado tomando como base a informacin achegada polo solicitante no boletn de identificacin establecido no anexo I. Comprobarase especialmente que o instrumento pose a declaracin de conformidade ou, se  o caso, a aprobacin de modelo, e as marcas correspondentes de acordo co indicado no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

2. Os ensaios que se realizarn na verificacin peridica debern comprobar o cumprimento dos requisitos esenciais que se describen nos puntos 2.1 e 2.2 do anexo II desta orde.

Artigo 15. *Erros mximos permitidos.*

Os erros mximos permitidos na verificacin peridica sern os indicados na descripcin de cada ensaio, tal e como se determinan no anexo II desta orde.

Artigo 16. Conformidade.

Superada a fase de verificación periódica, farase constar a conformidade do refractómetro para efectuar a súa función, mediante a adhesión dunha etiqueta nun lugar visible do instrumento verificado, que deberá reunir as características e requisitos que se establecen no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, especificando nela o instrumento de que se trate. Emitirase, así mesmo, o correspondente certificado de verificación.

Artigo 17. Non-superación da verificación.

Cando un refractómetro non supere a verificación periódica deberá ser posto fóra de servizo ata que se emende a deficiencia que impediu a superación. Farase constar esta circunstancia mediante unha etiqueta de inhabilitación de uso, cuxas características se indican no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, especificando nela o tipo de instrumento de que se trate. No caso de que esta deficiencia non se repare, adoptaranse as medidas oportunas para garantir que sexa retirado definitivamente do servizo.

Disposición transitoria única. Instrumentos en servizo.

Os refractómetros en servizo no momento da entrada en vigor desta orde poderán seguir sendo utilizados sempre que superasen satisfactoriamente o establecido para a fase de control metrolóxico de verificación periódica, regulada no capítulo IV precedente, sen que a estes lles sexa aplicable o determinado no artigo 14.1.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.12.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado, como competencia exclusiva, a lexislación de pesos e medidas.

Disposición derradeira segunda. Normativa aplicable.

No non particularmente previsto nesta orde e no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, os procedementos administrativos a que dean lugar as actuacións reguladas naquela rexeranse polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na lexislación específica das administracións públicas competentes.

Disposición derradeira terceira. Autorización para a modificación do contido técnico da orde.

Autorízase o secretario xeral de Industria para introducir nos anexos a esta orde, mediante resolución e logo de informe do Consello Superior de Metroloxía, cantas modificacións de carácter técnico sexan precisas para manter adaptado o seu contido ás innovacións técnicas que se produzan.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de outubro de 2007.—O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Joan Clos i Matheu

ANEXO I**Boletín de identificación**

Fabricante do refractómetro

Tipo de refractómetro

Marca Modelo Número de serie

Data de posta en servizo

Magnitude medida

Rango de medida

Certificado exame de modelo nº Data

Organismo de control

Certificado de conformidade nº Data

Organismo de control

Data última verificación periódica

Organismo autorizado de verificación

, de de

(Selo e sinatura do titular do refractómetro)

ANEXO II

Requisitos esenciais metrolóxicos e técnicos. Patróns que se utilizarán e relación entre índice de refracción e porcentaxe en masa dunha solución de sacarosa

1. Definicións

1.1 Refractómetro: instrumento que mide o índice de refracción do mosto de uva, dos mostos concentrados e dos mostos concentrados rectificadas antes da fermentación, utilizando o fenómeno da refracción da luz ou da reflexión total interna da luz.

1.1.1 Tipo I.—Refractómetro automático, equipado con:

Un dispositivo automático de compensación da temperatura;

Un dispositivo indicador visible ao mesmo tempo por todas as partes interesadas;

Un dispositivo de posta a cero ou de axuste noutro punto de escala diferente do cero;

Un dispositivo de control de cero;

Un dispositivo de limpeza automática.

1.1.2 Tipo II.—Refractómetro manual con indicación automática, equipado con:

Un dispositivo automático de compensación da temperatura;

Un dispositivo indicador visible ao mesmo tempo por todas as partes interesadas;

Un dispositivo de posta a cero ou de axuste noutro punto de escala diferente do cero;

Un dispositivo de control de cero.

1.2 Mensurando: magnitude particular sometida a medición.

1.3 Magnitude de influencia: magnitude que, non sendo o mensurando, ten efecto sobre o resultado da medición.

1.4 Factor de influencia: magnitude de influencia de valor comprendido entre os límites especificados no requisito correspondente, pero fóra das de funcionamento especificadas para o instrumento de medida.

1.5 Perturbación: magnitude de influencia en que o seu valor se sitúa nos límites especificados nesta orde, pero fóra das condicións asignadas de funcionamento do instrumento de medida.

1.6 Condicións nominais de funcionamento: as condicións nominais de utilización son os valores para o mensurando e para as magnitudes de influencia que configuran as condicións normais de traballo dun instrumento.

1.7 Condicións de referencia: conxunto de valores establecidos das magnitudes de influencia fixadas para permitir a comparación entre os resultados de medida.

1.8 Erro intrínseco: erro dun refractómetro utilizado nas condicións de referencia.

1.9 Defecto significativo: diferenza entre o erro de indicación e o erro intrínseco en que o valor absoluto é superior a unha división da escala.

2. Requisitos esenciais específicos

Os refractómetros obxecto desta orde deberán cumprir os requisitos esenciais comúns dos instrumentos de medida aplicables do anexo IV do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo. Ademais deberán cumprir os seguintes requisitos específicos relativos ás características de fabricación:

2.1 Expresión do resultado

O resultado da medida pode ser expresado nunha das formas seguintes:

O valor do índice de refracción,

A porcentaxe en masa dunha solución de sacarosa que terá o mesmo índice de refracción.

O grao de alcohol probable

2.1.1 Índice de refracción:

O índice de refracción dunha substancia homoxénea defínese como o cociente da velocidade da luz no baleiro e a velocidade da luz na substancia considerada.

O índice de refracción no aire non difire do índice de refracción no baleiro en máis de 3×10^{-4} , polo que se expresa o índice de refracción do mosto de uva en relación ao índice de refracción no aire.

O índice de refracción aumenta coa frecuencia de onda da luz, sendo necesario adoptar unha onda de luz monocromática de referencia. Por convención, o índice de refracción a que se refire esta orde é o índice medido relativo ao aire estándar a partir da liña amarela do sodio (liña D de lonxitude de onda de 589 nm).

Defínense como condicións de referencia do aire estándar (condicións definidas pola ICUMSA, International Commission for Uniform Methods of Sugar Analysis) as seguintes:

Temperatura: 20 °C;

Presión atmosférica: 101,325 kPa;

Humidade relativa: 50 %;

Fración de CO₂: 0,03 % vol;

Lonxitude de onda: 589 nm;

Índice de refracción do aire estándar: 1,000 271 91.

2.1.2 Porcentaxe en masa dunha solución de sacarosa.

A porcentaxe en masa en sacarosa dunha solución en auga destilada (W_b), tamén denominada como grao Brix, é o cociente da masa de sacarosa quimicamente pura contida na solución e a masa total desta. Exprésase en forma de porcentaxe (% masa) coa seguinte fórmula

$$\%W_b = \frac{m_1}{m_2} \times 100$$

onde:

m_1 é a masa de sacarosa contida na solución, e m_2 é a masa da solución,

as masas m_1 e m_2 exprésanse na mesma unidade.

Por convenio, a porcentaxe en azucre dun mosto, expresado en %, é igual á porcentaxe dunha solución de sacarosa en auga destilada, tendo o mesmo índice de refracción nas condicións de referencia.

No número 4 deste anexo dáse a ecuación para calcular a relación entre a porcentaxe en masa dunha solución de sacarosa e o índice de refracción dunha solución de sacarosa, nas condicións de referencia.

2.2 Deriva do cero.

Nas condicións correspondentes ás de uso normal, a deriva do cero durante catro horas debe ser inferior á metade da división da escala.

2.3 Erros máximos permitidos.

2.3.1 Erros máximos permitidos para refractómetros novos ou reparados.

O erro máximo permitido é igual a ± 1 división da escala. O erro máximo permitido aplícase ás indicacións sen redondeo.

2.3.2 Erros máximos permitidos para refractómetros en servizo.

Para os refractómetros en servizo, que non fosen obxecto dunha reparación previa á verificación, o valor absoluto do erro máximo permitido auméntase na metade da división da escala.

2.4 Magnitudes de influencia.

2.4.1 Factores de influencia.

2.4.1.1 Condicións de referencia e condicións de funcionamento.

Factor	Condición de referencia	Condición de funcionamento
Temperatura ambiente. Tensión de alimentación eléctrica pola rede (CA).	20 °C ± 2 °C Tensión nominal ± 2 %	De 5 °C a 40 °C Tensión de alimentación + 10 % Tensión de alimentación -15 %
Frecuencia de alimentación eléctrica pola rede.	Frecuencia nominal ± 0,4 %	Frecuencia nominal ± 2 %

Nota: o fabricante pode elixir un intervalo de temperatura maior nas condicións de funcionamento

2.4.1.2 Especificacións.

Os resultados dos ensaios, convertidos a 20 °C, deben respectar os erros máximos permitidos para cada factor de influencia estudado separadamente.

As correccións que se aplicarán á porcentaxe en masa de sacarosa en función da temperatura danse no anexo B da Recomendación internacional da OIML R 124 (entre 5 °C e 10 °C, os valores extrapoláronse por cálculo).

2.4.1.3 Perturbacións eléctricas.

Ningunha indicación debe presentar defecto significativo cando se somete o refractómetro aos ensaios que figuran na táboa seguinte:

Ensaio	Norma harmonizada	Nivel de severidade
Ocos de tensión e interrupcións breves.	UNE-EN-61000-4-11	Redución do 100% durante 10 ms. Redución do 50 % durante 20 ms.
Refachos eléctricos. Descargas electrostáticas.	UNE-EN-61000-4-4 UNE-EN-61000-4-2	Tensión de crista de 1 kV. 8 kV descarga no aire. 6 kV descarga por contacto.

2.4.2 Choques mecánicos.

Os resultados convertidos a 20 °C deben respectar os erros máximos permitidos antes e despois dun ensaio correspondente ao nivel de severidade 2 do punto B5 do Documento D11 da Organización Internacional de Metroloxía Legal (OIML).

2.5 Requisitos técnicos.

2.5.1 Materiais.

Os refractómetros deben estar realizados en materiais que garantan unha solidez e unha estabilidade suficiente para o seu uso.

En particular, as partes en contacto co mosto de uva deben estar fabricadas con materiais inalterables por este.

2.5.2 División da escala.

De acordo co mensurando utilizado para a expresión do resultado de medida, a división da escala en modo de utilización normal é igual a:

2×10^{-4} para o índice de refracción ou

0,1 % para a porcentaxe en masa dunha solución de sacarosa

2.5.3 Dispositivo indicador.

2.5.3.1 Refractómetro tipo I.

O dispositivo indicador debe conter unha indicación numérica. No dispositivo indicador as cifras deben ter unha altura de 2,5 cm para os caracteres luminosos e 3 cm para o resto.

O redondeo débese facer á división da escala máis próxima. Nas operacións de control metrolóxico debe ser posible utilizar unha división da escala de control de polo menos un cuarto da división da escala do refractómetro. Esta posibilidade non pode ser accesible ao usuario do instrumento.

2.5.3.2 Refractómetro tipo II.

O dispositivo indicador debe responder ás mesmas exixencias que para os refractómetros de tipo I, salvo no concernente á altura das cifras, que debe ser polo menos de 0,5 cm.

2.5.4 Dispositivo de impresión.

Os refractómetros poden estar provistos dun dispositivo que imprima o resultado baixo a forma de cifras aliñadas.

A impresión debe ser réplica do valor e da unidade presentados polo dispositivo indicador.

Pódense imprimir máis dun valor e dunha unidade se estas se presentan no dispositivo indicador, coa condición de que non existan ningunha ambigüidade sobre a lectura.

A impresión non debe ser posible antes de que finalice a medición.

2.5.5 Dispositivo de posta a cero e de control de cero.

Os dispositivos de posta a cero e de control de cero son obrigatorios para todo tipo de refractómetros. Estes dispositivos deben ser simples e de efecto practicamente continuo.

Unha escala que se estende dunha parte e doutra do cero debe permitir a verificación da posta a cero. Esta escala debe ter unha extensión dunha división da escala dunha parte e doutra do cero e debe estar graduada en cuartos de división de escala. A posta a cero e o control do cero deben poder ser efectuados cunha incerteza igual a un cuarto de división da escala. Un sistema debe poñer en evidencia toda desviación superior a unha división da escala.

Se o refractómetro posúe un dispositivo de axuste nun punto de escala que non se corresponde co cero, o refractómetro debe impedir a medición no caso de disfuncionamento (detección dun erro superior a unha división

da escala). A auga pura utilizada para o control do cero pode ser substituída por un produto en que o seu índice de refracción sexa coñecido e estable.

Debe ser posible diferenciar entre as operacións de control automático e as operacións de medida.

2.5.6 Intervalo de medida.

Para a magnitude considerada, o intervalo de medida mínimo debe comprender o rango correspondente aos valores de 10 % e 30 % en porcentaxe en masa dunha solución de sacarosa.

2.5.7 Dispositivo compensador de temperatura.

O refractómetro debe estar equipado cun dispositivo tal que a indicación do refractómetro corresponde á indicación que sería obtida á temperatura de referencia de 20 °C.

A escala de temperatura debe ter un intervalo de medida mínimo de 5 °C a 40 °C.

Un dispositivo automático debe poñer en evidencia se se supera o intervalo de temperatura prevista para o dispositivo compensador.

2.5.8 Dispositivo de mostraxe.

Para os refractómetros de tipo I, a mostra utilizada para a medida debe responder ás seguintes condicións:

Fluído estático.

Cando o mosto está estacionario durante a medida, o receptáculo debe ter un contido mínimo de 20 cl.

Fluído dinámico.

Cando o mosto está en movemento durante a medida, o resultado de medida debe ser representativo dunha mostra dun volume polo menos igual a 30 cl.

2.5.9 Dispositivo de fiabilidade.

2.5.9.1 Dispositivo de limpeza.

Despois de cada medición, as caras ópticas do refractómetro en contacto co fluído medido e, se procede, os circuitos de paso do fluído deben ser limpados eficazmente e sen deterioración do instrumento.

Para os refractómetros de tipo I, a limpeza debe ser automática

2.5.9.2 Indicación.

Cando o fluído non está en contacto coas caras ópticas do refractómetro, o instrumento non debe dar un resultado, excepto cando a mostra é dinámica, neste caso non se pode mostrar máis dun minuto despois de que o fluído finalizase o seu paso.

2.5.10 Inscricións.

A denominación do mensurando debe figurar claramente sobre a cara dianteira do instrumento e na placa de características. Esta unidade de medida ou o seu símbolo debe figurar xunto ao resultado de medida.

A placa de características debe levar as seguintes indicacións.

Identificación ou razón social do fabricante;
Modelo;
Número de serie;
Magnitude medida;
Rango de medida e
Límite de temperatura de utilización;

O refractómetro debe levar as marcas de conformidade de acordo co que se establece no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

2.5.11 Dispositivo de precintaxe.

A excepción do dispositivo de posta a cero, os dispositivos de axuste susceptibles de influír na medida deben estar precintados.

3. Patróns de traballo para os ensaios de refractómetros.

Os laboratorios das administracións públicas competentes ou, se é o caso, os organismos autorizados por estas, que se propoñan realizar actividades enmarcadas no ámbito de aplicación desta orde, deberán utilizar:

3.1 Solucións patrón de sacarosa elaboradas por pesada.

Para a elaboración destas solucións utilízase unha balanza de exactitude especial clase I de acordo coa Recomendación Internacional R 76 da OIML para medir a masa da sacarosa quimicamente pura (pureza de, polo menos, 0,999 %) e a masa da solución na auga.

Unha balanza desta clase cunha división da escala de 1 mg permite obter solucións con porcentaxe en masa dunha solución de sacarosa cunha incerteza de 0,02 % cando a masa da solución é superior a 10 g, cando as medidas se efectúan nas condicións de referencia e tendo en conta o empuxe do aire.

Estas solucións son inestables no tempo xa que a sacarosa se hidroliza en glicosa e en frutosa. O seu emprego non é apropiado para verificacións de longa duración. Estas solucións débense preparar e utilizar na mesma xornada.

3.2 Solucións patrón cuxa concentración se determina mediante un refractómetro patrón.

Empréganse solucións de glicosa estabilizadas con isotiocianato de alilo, 0,5 mL/L, e ácido tártrico, 3 g/L de solución. Estas solucións pódense conservar durante algúns anos en recipientes estancos.

Para cada solución patrón, a porcentaxe en masa dunha solución determínase a partir do índice de refracción determinado polo refractómetro patrón, a 20 °C. Este refractómetro patrón debe estar calibrado a 20 °C con solucións de sacarosa quimicamente puras preparadas gravimetricamente. Hai que ter en conta o feito de que as correccións en función da temperatura da sacarosa e da glicosa non son iguais. Para esta última, a táboa I («Corrección que se deberá efectuar cando a porcentaxe en masa de sacarosa sexa determinada a unha temperatura diferente de 20 °C») do número 2 do anexo do Regulamento CEE 2676/90 debe ser corrixida multiplicando por 1,3.

As solucións de glicosa deben ter unha porcentaxe en masa cunha incerteza relativa menor de 0,06 %.

Durante o proceso de calibración, a temperatura debe estar comprendida entre 19 °C e 21 °C e as correccións débense aplicar con interpolación lineal de 0,1 °C.

Pódense tamén utilizar solucións de sacarosa estabilizadas con 50 mg de nitrato de sodio por litro de solución ou con outros estabilizantes que garantan a súa conservación. Estas solucións poden ser conservadas á temperatura ambiente durante varios meses.

4. Relación entre o índice de refracción e a porcentaxe en masa dunha solución de sacarosa.

A relación entre a porcentaxe en masa dunha solución de sacarosa, wB, expresada en % (0 % < wB < 85 %) e o índice de refracción no baleiro desta solución, nV, a una temperatura de 20 °C e para unha lonxitude de onda de 589 nm vén dada pola fórmula:

$$n_v = A_0 + A_1 \times W_B + A_2 \times W_B^2 + A_3 \times W_B^3 + A_4 \times W_B^4 + A_5 \times W_B^5$$

onde:

$$A_0 = + 1,333\ 348\ 8$$

$$A_1 = + 1,428\ 372 \times 10^{-3}$$

$$A_2 = + 5,440\ 473 \times 10^{-6}$$

$$A_3 = + 1,306\ 219 \times 10^{-8}$$

$$A_4 = + 1,203\ 625 \times 10^{-10}$$

$$A_5 = - 8,977\ 784 \times 10^{-13}$$

Para obter a correspondencia entre a porcentaxe en masa e o índice de refracción no aire, calculado a partir do valor establecido por B. Edlen para o índice do aire nas condicións de referencia $n_a = 1,000\ 271\ 91$, mediante a fórmula:

$$n = n_v/n_a$$

ANEXO III

Normas e documentos técnicos que establecen a presunción de conformidade cos requisitos esenciais dos instrumentos

Presumirase a conformidade dos instrumentos cos requisitos esenciais metrolóxicos e técnicos daqueles instrumentos que cumplan coa Recomendación internacional da Organización Internacional de Metroloxía Legal (OIML) OIML R 124 e o determinado no documento D11 da Organización Internacional de Metroloxía Legal (OIML).

XEFATURA DO ESTADO

18576 *LEI 28/2007, do 25 de outubro, pola que se modifica a Lei 12/2002, do 23 de maio, pola que se aproba o concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco.* («BOE» 257, do 26-10-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vixente concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, aprobado pola Lei 12/2002, do 23 de maio, prevé na súa disposición adicional segunda que no caso de que se producise unha reforma no ordenamento xurídico tributario do Estado que afectase a concertación dos tributos, se producise unha alteración na distribución das competencias normativas que afecte o ámbito da imposición indirecta ou se creasen novas figuras tributarias ou pagamentos á conta, ambas as dúas administracións procederán, de común acordo e polo mesmo procedemento seguido para a súa aprobación, á pertinente adaptación do concerto económico.

Neste sentido, desde a aprobación da Lei 12/2002, do 23 de maio, producíronse unha serie de novidades no ordenamento xurídico tributario do Estado que requiren a adaptación do concerto.

Tal foi o caso da introdución do réxime do grupo de entidades na normativa reguladora do imposto sobre o valor engadido, do incremento das competencias normativas no imposto especial sobre determinados medios de transporte e no imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos, da introdución no sistema tributario estatal do imposto sobre o carbón e da devolución do imposto sobre hidrocarburos a profesionais, agricultores e gandeiros en determinados supostos.

Así mesmo, considerouse conveniente perfeccionar a colaboración entre o Estado e as institucións do País Vasco en materia de intercambio de información para o cumprimento dos tratados internacionais, mediante a adición dun novo punto ao artigo 4 do concerto.

Por outro lado, hai que ter en conta que a disposición adicional sexta do concerto determina que a cifra do volume de operacións a que se refiren os artigos 14, 15, 19 e 27 deste sexa actualizada por acordo da Comisión Mixta do Concerto Económico, polo menos cada cinco anos. Por este motivo procédese á actualización do devandito volume de operacións.

Por iso, na sesión da Comisión Mixta do Concerto Económico 1/2007, que tivo lugar en Madrid o 30 de xullo de 2007, ambas as dúas Administracións adoptaron de común acordo a modificación do concerto económico, consonte o mesmo procedemento seguido para a súa aprobación.

Artigo único. *Modificación da Lei 12/2002, do 23 de maio, pola que se aproba o concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco.*

Apróbase a modificación do concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, aprobado pola Lei 12/2002, do 23 de maio, nos termos establecidos no anexo desta lei.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumplan e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 25 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO

ACORDO

Aprobar a modificación do concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, convindo na nova redacción que se lles debe dar aos artigos catro, catorce, quince, dezanove, vinte e sete, vinte e nove, trinta e tres, trinta e catro, á disposición transitoria primeira e na adición dunha nova disposición transitoria oitava, unha nova disposición transitoria novena e unha nova disposición transitoria décima.

«Artigo 4. *Principio de colaboración.*

Un. As institucións competentes dos territorios históricos comunicaranlle á Administración do Estado, coa debida antelación á súa entrada en vigor, os proxectos de disposicións normativas en materia tributaria.

De igual modo, a Administración do Estado practicará idéntica comunicación ás devanditas institucións.

Dous. O Estado arbitrará os mecanismos que permitan a colaboración das institucións do País Vasco nos acordos internacionais que incidan na aplicación deste concerto económico.

Tres. O Estado e os territorios históricos, no exercicio das funcións que lles competen tocante á xestión, inspección e recadación dos seus tributos,